



As “lagoas” dos protocolos de vacinación básicos nas explotacións

Actualmente non existen dúbidas sobre a eficacia de establecer un plan de vacinación nas ganderías leiteiras en España. Vacinar é sinónimo de protección e, por tanto, de evitar enfermidades nos animais. Por iso, este artigo trata de mostrar os patóxenos a ter en conta fronte a problemas reprodutivos e respiratorios para evitar lagoas no protocolo de vacinación.

Pere Ordís, Margarita Barreto, Iván Mato
Servizo Técnico Laboratorios Hipra SA

Para as explotacións de vacas leiteiras os procesos víricos máis prevalentes son aqueles que afectan ás enfermidades relacionadas coa diarrea neonatal, a pneumonía na recría e a reprodución en vacas; ter cubertos estes aspectos resulta esencial para un bo manexo sanitario da explotación. Enfocando este artigo soamente nas enfermidades respiratorias e reprodutivas, existe a posibilidade de atoparse con que a non posta en marcha dun programa de vacinación completo pode significar ter desprotexido ao rabaño fronte a algúns virus.

CALES SON OS VIRUS IMPLICADOS NOS PROBLEMAS REPRODUTIVOS E RESPIRATORIOS?

Os virus de IBR e BVD están identificados como aqueles involucrados na reprodución das vacas (Biuk-Rudan. N, 1999), producindo infertilidade, reabsorcións embrionarias e abortos (Graham, 2013). Individualmente, o virus de IBR ten como peculiaridade que, unha vez que o animal está infectado, será portador do virus toda a súa vida. No caso do BVD, a infección durante a xestación xera diferentes patoloxías, a infección no 2.º ou 3.º terzo da xestación pode producir abortos. Non obstante, a infección durante o 1.º terzo provocará o nacemento de animais portadores da enfermidade (PI), os cales serán a fonte de infección no rabaño.

Con todo, é importante ter en conta que ambos os virus non só producen unha enfermidade reprodutiva senón que afectan tamén a nivel de produción de leite, que se ve reducida ata en 2,6 litros menos en animais positivos a IBR (Statham, 2015) e tamén están involucrados na enfermidade respiratoria bovina (ERB).

Os virus involucrados na ERB na recría son principalmente IBR, BVD, PI3 e BRSV. Sendo estes dous últimos específicos de respiratorio, é conveniente facer fincapé sobre todo no BRSV, o cal produce unha enfermidade moi prevalente e moi comprometedora á vida do animal de ata o 30 % de mortalidade (Schreiber, 2000).



► OS VIRUS IMPORTANTES SON 4 (IBR, BVD, PI3 E BRSV) E NON PROTEXER FRONTE A TODOS XERA A IMPOSIBILIDADE DE CONTROLAR CORRECTAMENTE A SAÚDE DO RABAÑO

TEÑO CONTROLADOS OS PROCESOS RESPIRATORIOS E REPRODUTIVOS NA MIÑA GRANXA?

Como comentamos anteriormente, os virus importantes son 4 (IBR, BVD, PI3 e BRSV) e non protexer fronte a todos xera a imposibilidade de controlar correctamente a saúde do rabaño. Por tanto, cando se propón un plan de vacinación hai que ter en consideración todos os virus respiratorios e reprodutivos para conseguir unha protección óptima do rabaño e evitar doenzas.

CAL É O RISCO DE NON VACINAR FRONTE AOS 4 VIRUS?

Non ter protexidos os animais fronte a estes 4 virus pode ter un risco sanitario na explotación leiteira, o que producirá perdas económicas moi cuantiosas en caso de brotes da enfermidade ou en casos como IBR e BVD a nivel subclínico.

As principais dúbidas ante a implantación dun plan adoitan ser se vacinar ou non fronte a IBR e/ou se vacinar ou non todo o rabaño fronte a virus respiratorios.

Cando falamos da decisión de non vacinar fronte a IBR, normalmente o risco é maior ou menor dependendo da situación epidemiolóxica da explotación.

- **Granxas con animais positivos a IBR:** nunca se deberían deixar de vacinar fronte a esta enfermidade, o impacto na reprodución (Graham, 2013) e na produción (Statham, 2015) é moi importante. O virus circula libre polo rabaño sen ningunha barreira que o controle.
- **Granxas libres de IBR:** nesta situación débese valorar a situación epidemiolóxica do espazo. En zonas sen plans de control da enfermidade, o virus circula libremente ao redor da explotación poñendo en risco real de padecer un brote que poidan producir unhas perdas económicas devastadoras. Existen numerosos casos en Galicia onde non ter protexidos os animais supuxo unhas perdas de produción de ata 2 litros vaca día durante 15 días (Souto *et al.*, 2016).



La solución ganadora para el destete

Tradilait

Leche maternizada para rumiantes

Rumipack

Núcleos para piensos de arranque



SETNA NUTRICIÓN, S.A.U.
c Clavo, nº1 · Pol. Ind. Santa Ana · 28522
Rivas Vaciamadrid (Madrid)
t (34) 91 666 85 00 · f (34) 91 666 71 94
setnanutricion@setna.com · w setna.com

A BRAND OF  **ADM**

Ante tales consecuencias, é conveniente valorar ben a decisión de non protexer o rabaño fronte a este virus. A vacinación fronte a BVD está bastante estendida nas explotacións de vacas de leite, evitando a produción de animais PI e protexendo os animais xestantes de sufrir abortos ou reabsorcións embrionarias.

A seguinte dúbida recorrente á hora de implantar un protocolo de vacinación é se se debe vacinar ou non fronte a virus respiratorios en todo o rabaño. Como se comentou anteriormente neste artigo, o BRSV ten unha morbilidade e mortalidade bastante significativas, xa que este circula dentro da explotación nos animais adultos, funcionando como reservorio e mantendo o risco de infectar a recrúa por contacto directo. Aínda que non é habitual, existe casuística descrita en España de brotes de BRSV en vacas adultas (Pérez García, 2010).

CONCLUSIÓN

Vacinando fronte a RS e PI3 todo o rabaño e non só a recrúa conséguese reducir significativamente a presión vírica na explotación, o que evitará posibles brotes de enfermidade respiratoria e tamén achegar, ás xatas recentemente nadas, anticorpos maternos que os protexen fronte a pneumonías durante os primeiros días de vida. A vacinación cun virus vivo de RS proporciona unha mellor resposta inmunitaria (humoral e celular) e, por tanto, unha mellor

protección nos animais en comparación con vacinas inactivadas.

Hipra propón un protocolo completo fronte aos virus respiratorios e reprodutivos como unha solución eficaz para evitar o seu impacto negativo. Como conclusión, vacinar o rabaño fronte a IBR, BVD, PI3 e BRSV reducirá considerablemente os riscos de sufrir tanto alteracións respiratorias coma reprodutivas. ■

▶ AS PRINCIPAIS DÚBIDAS ANTE A IMPLANTACIÓN DUN PLAN ADOITAN SER SE VACINAR OU NON FRONTE A IBR E/OU SE VACINAR OU NON TODO O RABAÑO FRONTE A VIRUS RESPIRATORIOS

BIBLIOGRAFÍA

Prevalence of antibodies to IBR and BVD viruses in dairy cows with reproductive disorders. (Biuk-Rudan N1, Cvetnić S, Madić J, Rudan D. - NCBI)

Bovine herpes virus-1 (BoHV-1) in cattle—a review with emphasis on reproductive impacts and the emergence of infection in Ireland and the United Kingdom. (Graham – NBCI)

Brote severo de BoHV-1 en una granja libre de IBR del Noroeste de España. (Souto et al, WBC Dublin)

Reduction in daily milk yield associated with sub-clinical Bovine Herpes Virus 1 infection (Jonathan M. E. Stathama, Laura V. Randalla, Simon C. Archer – Vet record)

High mortality rate associated with bovine respiratory syncytial virus (BRSV) infection in Belgian white blue calves previously vaccinated with an inactivated BRSV vaccine. (Schreiber P1, Matheise JP, Dessy F, Heimann M, Letesson JJ, Coppe P, Collard A. – NCBI)

Neumonía grave por BRSV en vacuno lechero (Pérez García, C – Albeitar N° 138)



Vacinar o rabaño fronte a IBR, BVD, PI3 e BRSV reducirá considerablemente os riscos de sufrir tanto alteracións respiratorias coma reprodutivas